

Xustificación e Obxectivos da Actividade

Os Sistemas de Información Xeográfica (SIX) son ferramentas informáticas, capaces de xestionar e analizar información xeorreferenciada. O uso dos SIX estase xeneralizando e as súas aplicacións cada vez están sendo máis necesarias en multitude de campos profesionais. O seu manexo resulta hoxe imprescindible para os profesionais e estudantes que queiran dedicarse á ordenación do territorio, a xestión dos recursos, os estudos de impacto e avaliación ambiental, localización de usos, análises de mobilidade, estudos de integración da paisaxe, inventarios de flora e fauna, estudos de riscos pero tamén estudos do medio social, inventarios patrimoniais e culturais, etc.

QGIS e GRASS son dous potentes programas SIX cunha interface amigable en constante evolución que se pode executar en diversas plataformas (Linux, Windows, Mac...). Ambos programas se integran a través dun plugin, permitindo así moitas utilidades e posibilidades conxuntas. O curso está deseñado para que os alumnos adquiren os coñecementos teoricoprácticos para entender os SIX e poder aplicar a información xeoespacial utilizando os sistemas de información xeográfica QGIS e GRASS.

Destinatarios

O curso está orientado a estudantes, titulados ou profesionais da bioloxía ou disciplinas relacionadas. Non se precisa experiencia previa no uso de SIX.

Docencia

Alfonso Bar Blanco. Biólogo. Cofundador de ANTEGA. Master en Procesos Contaminantes e Defensa do Medio Natural.

Patricia Villot Cameselle. Bióloga. Cofundadora de ANTEGA. Postgraao en SIX.

Coordinación

Alfonso Bar Blanco

Número de Prazas:

Máximo 25 alumnos

Mínimo 10 alumnos

Datas:

Do 16 de decembro de 2013
ao 9 de febreiro de 2014

Características do Curso:

70 horas lectivas

Obterase CERTIFICADO DE ASISTENCIA E APROVEITAMENTO previa entrega por parte dos alumnos das actividades de cada taller correctamente resoltas.

Modalidade:

Teleformación mediante a plataforma de e-learning, **Campus COBGA**

Prazo de Inscripción:

Ata 5 días antes do comenzo do curso
ou ata cubrir o nº de prazas.

Cotas de Inscripción:

Colexiados COB e estudantes de Bioloxía (demostrando esa condición):175,00 €
Non colexiados e outras titulacións: 270,00 €

A selección farase por estrita orde de recepción dos correspondentes boletíns e xustificantes de pago no COBGA. **Non se admiten reservas por ningún medio.**
IMPORTANTE: Ver Normas Inscripción Cursos COBGA en http://biologosdegalicia.org/pdf/informacion/normas_inscripcion_cursos_COBGA.pdf


Información:



Tel. 981-53 14 40 ■ Fax 981-53 42 25

[cursos@biologosdegalicia.org](mailto: cursos@biologosdegalicia.org).

<http://www.campuscobga.org>



Curso teleformación: Iniciación ao Análise Espacial mediante os Sistemas de Información Xeográfica QGIS e GRASS



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

Curso teleformación: Iniciación ao Análise Espacial mediante os Sistemas de Información Xeográfica QGIS e GRASS

Nome e Apellidos: DNI:
Enderezo: CP-Localidade:
CE: Tel./móbil: Colexiado COB n.º:
Empresa/Organismo: Cargo:
Observacións:

Fago efectivo o importe do curso, euros por medio de transferencia á conta do COBGA n.º 0031-0014-34-1011002594 (Banco Echeverría, Ag.1, Santiago de Compostela). Envíalles ao CE [cursos@biologosdegalicia.org](mailto: cursos@biologosdegalicia.org) este Boletín de Inscripción e o xustificante da dita transferencia.

Taller 2: Manexo básico vectorial

Conceptos básicos vectoriais
Engadir datos en QGIS
Crear novos datos
Rudimentos de edición
Consultas

Taller 3: Análise vectorial

Análise espacial
Plugins consulta espacial
Análise de proximidade (buffer)
Análises estatísticos
Funcións

Taller 4: Manexo básico raster

Fundamentos da álgebra de mapas
Interface de GRASS
Engadir datos en GRASS
Consultas básicas

Taller 5: O Modelo Dixital de Elevacións (MDE) e a súa cartografía derivada

O MDE como fonte de datos
Operacións básicas sobre o MDE
Creación do mapa de altitude, de iluminación, de relevo, pendentes, orientación e concas hidrográficas

Taller 6: Cálculo básico de capacidade de acollida

Creación dun esquema básico de capacidade de acollida. Elementos intervinientes
Implementación dun modelo de capacidade de acollida para un solo industrial

Taller 7: Deseño de planos

Composición de mapas
Introdución básica a modelos 3D
Compoñer un plano
Xerar unha vista 3D

Método de Traballo

A metodoloxía esta baseada nas posibilidades de formación a distancia a través dunha plataforma de e-learning, que permite ao alumno acceder aos contidos do curso as 24 horas, consultar de forma sinxela cos profesores, así como participar nos foros abertos con outros alumnos, o que enriquece amplamente a súa experiencia formativa.

O curso presenta unha modulación semanal na que se suministran contidos teóricos que se afianzan a través de diversos exercicios prácticos que pouco a pouco van enfrontando ao alumno co que constitúe a realidade cotiá do uso dos SIX en entornos profesionais.

O curso ten unha duración de 7 semanas que se corresponden cos talleres, máis unha semana de entrega de prácticas e exercicios resoltos para a súa avaliación final.

Con este curso iníciase a experiencia formativa **Campus COBGA** cuxo soporte está a disposición dos colexiados/as que queiran ofertar as súas actividades de formación.

Temario

O contido do curso preséntase en 7 talleres cunha estrutura común composta por unha parte teórica con temas introdutorios, unha parte práctica con exercicios resoltos e unha actividade a resolver polo alumno usando os conceptos e ferramentas aprendidas.

Taller 1: Primeiros pasos

Introdución aos SIX
Instalación de QGIS e GRASS
Interface QGIS
Os Sistemas de Referencia de Coordenadas